

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunírase o próximo día 7 de febreiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección da Vicepresidencia da Comisión

Punto 2. Elaboración do ditame, á vista do Informe da Ponencia, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (doc. núm. 57950, 10/PPLC-0000018)
Publicación do Informe da Ponencia, BOPG n.º 601, do 31.01.2020

Punto 3. Proposicións non de lei

- 3.1 57781 (10/PNC-004607)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego das modificacións necesarias nas figuras impositivas nas que ten competencias normativas co fin de protexer a capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019
- 3.2 60228 (10/PNC-004822)
Grupo Parlamentario Mixto
Villares Naveira, Luis e Casal Vidal, Francisco
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan estratéxico para a converxencia de Galicia coa media española en investimento intanxible sobre o produto interior bruto nos próximos catro anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 584, do 07.01.2020
- 3.3 61337 (10/PNC-004878)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para publicar os criterios empregados pola Agader para o establecemento de convenios cos concellos galegos durante a X lexislatura, así como o seu número e contía económica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 594, do 22.01.2020
- 3.4 62199 (10/PNC-004957)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da



ralentización que presenta o ritmo de crecemento da economía de Galicia, no terceiro trimestre de 2019, en relación co conxunto da economía española
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 599, do 29.01.2020

- 3.5 62246 (10/PNC-004960)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Torregrosa Sañudo, Julia e 3 máis
Sobre as modificacións que debe impulsar o Goberno galego na Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, para posibilitar a aplicación polos concellos do recargo do IBI sobre vivendas baleiras previsto na normativa reguladora das facendas locais co fin de estimular o mercado da vivenda en alugamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 599, do 29.01.2020
- 3.6 62402 (10/PNC-004971)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das colaboracións económicas e convenios entre a Xunta de Galicia e a fundación privada Cipri Gomes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 599, do 29.01.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2020

María Teresa Porrirt Lueiro

Presidenta da Comisión

María Teresa
Porrirt Lueiro

Firmado digitalmente por María Teresa
Porrirt Lueiro
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María
Teresa Porrirt Lueiro,
email=maria.teresa.porrirt.lueiro@parlamen
todegalicia.gal
Fecha: 2020.02.05 09:59:03 +01'00'





Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 05/02/2020 9:59:03

